



CONCELLO
DE VIGO



www.igualdadevigo.org



veread
INICIATIVAS SOCIAIS

Colabora a Concellería de Igualdade. Concello de Vigo

Cómic realizado por Vereas de Iniciativas Sociais:

Almudena Blanco Rodríguez

Eva Souto Roales

Víctor M. Paz Martínez

María López Correa

vereadsiniciativas@gmail.com

ilustradora: Alicia Blanco Carril

Maquetador: Pablo Vidal Alleque

mulleres

"Mulleres" é o resultado do estudo "Mulleres desempregadas e mercado laboral" levado a cabo no ano 2014 pola asociación Vereas de Iniciativas Sociais co financiamento da Concellaría de Igualdade do Concello de Vigo.

A investigación tivo como obxecto identificar as dificultades de acceso ao traballo remunerado das mulleres desempregadas do noso municipio, así como as súas consecuencias a nivel persoal, familiar, profesional e social.

Vereas de Iniciativas Sociais quere agradecer a colaboración neste proxecto dos servizos de emprego municipais e autonómicos e dos servizos de atención ás mulleres da nosa cidade, ademais das entidades públicas e privadas que se implicaron desinteresadamente no desenvolvemento do mesmo.

Por último, o noso agradecemento máis sincero para todas as mulleres anónimas representadas nas personaxes de Mara, Ánxela e Lola. Elas son as verdadeiras protagonistas desta historia. Grazas por compartirvos con nós.

"Mulleres" pretende achegar ao conxunto da poboación, de maneira amena e de sinxela lectura, as circunstancias globais que rodean á condición feminina e as conclusións xerais da investigación.

O estudo completo pode consultarse na liqazón que figura ao final deste documento.



XUNTA
DE GALICIA

EG
SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



FONDO SOCIAL EUROPEO

D^a Mara Souto Pereira está citada para o Servizo de Orientación Laboral o día 4/03/2015 ás 11,30 horas coa orientadora Gloria Castelao Oliveira no centro de Servizo Público de Emprego da rúa Teixugueiras 17, Navia, Vigo.

José Emilio Rodas Piñeiro



NAVIA, VIGO



COÑECÍN A LOLA E A ÁNVELA NUNHA SALA DE ESPERA DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO. CANDO AS TRES COINCIDIMOS NUNHA CITA CON ORIENTACIÓN LABORAL



ELAS ERAN VECINAS. ESTABAN PONENDOSE AO DIA DA SUA SITUACION. NON PUIDEN EVITAR METERME NA CONVERSA... CARGADA DE ANACOS DE TRISTE REALIDADE



AS TRES TINAMOS VIDAS DISTINTAS. PERO UN PROBLEMA COMÚN: A FALTA DE EMPREGO



EU CADA MAÑÁ VIVO A MESMA RUTINA




MOITAS VECES TENO QUE QUEDAR
MÁS TEMPO DO ACORDADO



TEMPO EXTRA QUE NON
FIGURA NO MEU CONTRATO


ESTOU INDEPENDIZADA. VIVO NUN PISO
DE ALUGUER



CÚSTAME TANTO MANTERME
QUE ESTOU PENSANDO EN
VOLTAR Á CASA FAMILIAR

CHÁMOME MARA. TENO 25 ANOS. SON GRADUADA
NUNHA ENXENARÍA E FIXEN UN MÁSTER

SO ATOPO TRABALLOS POR HORAS E NADA
RELACIONADOS COA MINA FORMACIÓN.



LOLA ERGUESE AS 7:30 CADA MAÑA.
XUNTO AO SEU HOME



ESPERTA Á SUA SOGRA




E OCÚPASE DAS
SUAS NECESIDADES



O SEU MARIDO TEN TRABALLO. É AUTONOMO


ELA LEVA TRES ANOS DESEMPREGADA
DENDE QUE PECHOU A EMPRESA DE
LIMPEZA NA QUE TRABALLABA

LIMPEZAS HIXENIO



NO SEU TEMPO, RENUNCIOU AOS ASCENSOS
POR ADICARSE AOS FILLOS E Á FILLA

AGORA A QUEN ADICA MOITO TEMPO
E Á SÚA SOGRA




LOLA TEN 52 ANOS. A EXB. UNHA CARGA FAMILIAR.
DIFICULTADES PARA CHEGAR A FIN DE MES
E O ESTADO DE ANIMO MOI BAIXO

AS MAÑÁS PARA ÁNXELA COMEZAN ÁS 7:00



TRAS FACER VARIAS COUSAS DA CASA, ESPERTA AO SEU NENO E Á SÚA NENA



PREPARAOS PARA O COLEXIO

Mami, preciso unha libreta nova

Esta camisa non a quero !!!




RESOLVE CONFLITOS E IMPREVISTOS



MENTRES QUE O SEU HOME...
DORME



EL LEVA CINCO ANOS NO PARO E SEMELLA
ESTAR PEGADO AO SOFÁ. ADEMAIS DESCARGA
O SEU MALHUMOR EN ANXELA



TENEN UNHA HIPOTECA



ELA TAMÉN QUEDOU
SEN EMPREGO




E SENTESE CADA VEZ MAIS OPRIMIDA

ANXELA TEN 37 ANOS
E TITULACION UNIVERSITARIA

O UNICO INGRESO QUE ENTRA
NA SUA CASA, E A SUA
PRESTACION POR
DESEMPREGO


PRESTACION QUE ESTA
A PIQUES DE REMATAR



E ALÍ NOS ATOPABAMOS AS
TRES. NAQUELA SALA. CADA
UNHA COAS SUAS
CIRCUNSTANCIAS



A ESPERA DE PODER MELLORAR
A NOSA CALIDADE DE VIDA



Lola Carballo,
por favor!!

Ola Lola! Canto tempo
sen verte por aquí

Pois si...é que coa atención
que precisa a miña sogra
non teño moito tempo




Terás que sacar a ESO
ou é difícil que accedas
a calquera emprego

Eu o que preciso é
algún curso no que perciba
algunha axuda económica



Así podería pagar a
alguén que quedase coa
miña sogra mentres eu
me poño ao día




Se sei de algo
que se adapte a ti.
chámote

LOLA FOI ACONSELLADA EN VARIAS COUSAS, COMO O PROBLEMA QUE SUPORÁ SEGUIR
SEN TRABALLAR PARA CANDO CHEGUE O MOMENTO DA XUBILACION. E MAIS, SENDO O
SEU HOME AUTONOMO

EU FUN A DERRADEIRA EN ENTRAR A FALAR COA ORIENTADORA.

ELAS MARCHARON XUNTAS EN COCHE.



AÍNDA QUE NESE MOMENTO PENSEI QUE NON VOLVERÍAMOS COINCIDIR. DESPOIS SOUBEN QUE TIVERON UNHA CONVERSA QUE PUIDO SER O INICIO DUN CAMBIO

Ánxela, entón que tal na casa?



Pois cada vez síntome máis desbordada...o meu home converteuse nun problema máis ca nunha axuda. Non me trata ben, pero...

Muller, xa levas moito tempo así...
E por que non te separas?
Ás veces as decisións difíciles tamén hai que tomalas



Xa...supoño que por medo a estar peor


O que está claro é que así non estás ben

Por que non te achegas á Oficina de Igualdade do Concello?
Ao mellor poden axudarche en algo.



Talvez...

ANXELA FIXO CASO DO CONSELLO DA SUA AMIGA
E DECIDIU IR ATA O CONCELLO A SOLICITAR INFORMACION



Bos días. Estou nunha mala situación
na casa e veño para asesorarme



Si...pasa. Senta e
falamos con calma




- Teño un neno e unha nena, unha hipoteca, quedanme dous meses de prestación, o meu home non fai nada e non me trata demasiado ben. Estou pensando en separarme



Tranquila. Vexamos en que podemos axudarte



• POLA MINA PARTE POR FIN CONSEGUÍN UNHA ENTREVISTA PARA UN POSTO RELACIONADO COA MINA FORMACION



A SALA DE ESPERA ESTABA ATEIGADA DE XENTE AGARDANDO POR UN UNICO POSTO



Mara Souto!!



Por favor, senta

E CHEGOU A BATERIA DE PREGUNTAS



O teu maior defecto?

Es conflictiva?

Tes parella estable?

Es nai?

Tes pensado selo?

Cargas familiares?

Estarías dispuesta a dedicación exclusiva e total dispoñibilidade horaria???




Pero o posto ofertado non é por seis horas diarias??



O salario varía en función desas horas a maiores?

O salario non varía. son 900 euros. As horas a maiores poden consideralas formación a cargo da empresa



Disposta á mobilidade xeográfica??



Si...A min o que me interesa é poder comezar a traballar do meu

SAIN DE ALÍ PENSANDO EN QUE NON ME OFRECÍAN AS MELLORES CONDICIONS



...PERO ERA A ÚNICA OPORTUNIDADE QUE SE ME PRESENTARA ATA O MOMENTO



UNS DÍAS DESPOIS. ATOPEIME CON LOLA E
ÁNXELA OUTRA VEZ E DECIDIMOS
TOMAR UN CAFE



FALAMOS DO
DESEMPREGO E
DOUTRAS MOITAS
COUSAS...



ÁNXELA DECIDIU SEPARARSE. REGRESOU Á CASA
FAMILIAR CO SEU FILLO E A SUA FILLA.

RECIBE APOIO E ASESORAMENTO NO CENTRO
MUNICIPAL DE INFORMACION Á MULLER E
CONCEDERONLLE UNHA AXUDA ECONOMICA NO
SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

SENTESE CON FORZAS PARA EMPEZAR DE NOVO



A LOLA OFRECERONLLE TRABALLAR
UNHAS HORAS NUNHA FROITARIA. PERO
O SALARIO NON LLE PERMITIRÍA PAGAR
A ALGUÉN QUE COIDASE DA SUA SOGRA
DURANTE ESE TEMPO.

UNHA VEZ MAIS. RENUNCIA A UN EMPREGO
POR CARGA FAMILIAR.


AINDA ASÍ. ELA ESTA CONTENTA PORQUE
SENTE QUE AINDA QUEDAN OPORTUNIDADES E,
MENTRES ESPERA A SUA, O SEU HOME
APOIAA NA SUA BUSCA



EU CONTEILLES A MINA NOVA E ALEDARONSE
MOITO. PASAMOS UN INTRE AGRADABLE.
DEPOIS DESPEDIMONOS




ACEPTEI O EMPREGO DA ENTREVISTA
E VOUME CON GANAS DE VIVIR
A MINA AVENTURA NO MEU NOVO
TRABALLO E NUN LUGAR PARA
MIN DESCONECIDO




E COA ESPERANZA DE QUE,
ALGUN DIA, TODOS E TODAS TENAMOS
AS MESMAS OPORTUNIDADES LABORAIS

CONTINUARÁ...





Colabora a Concellería de Igualdade. Concello de Vigo.



Colabora

Pode consultar o estudo completo clicando *aquí*.